

Propostas para garantir a conciliación e avanzar cara á corresponsabilidade

O SINDICALISMO EN ACCIÓN - XANEIRO 2024

En UGT Servizos Públicos consideramos necesario fortalecer a acción sindical para que a conciliación e a corresponsabilidade sexan unha prioridade en cada centro de traballo, cremos que é necesario impulsar as seguintes medidas:

1.- DIGNIFICAR O ACCESO E A PERMANENCIA DO EMPREGO DAS MULLERES.

As administracións públicas e empresas deben traballar por eliminar os obstáculos que impiden o acceso e a permanencia no emprego ás mulleres en condicións dignas promovendo un cambio cultural para transformar a temporalidade, parcialidade, precariedade e o distinto valor que se atribúe aos empregos tradicionalmente realizados por mulleres.

2.- PRESTACIÓNS IGUAIS, INTRANSFERIBLES E REMUNERADAS POR COIDADADO.

Nos permisos laborais por nacemento e/ou adopción iguais, intransferibles e remunerados ao cento por cento as porcentaxes de solicitude de homes e mulleres iguálanse. Mentres que as excedencias e permisos non retribuídos para coidar menores ou familiares son tomadas na súa maioría por mulleres. É necesario acurtar a brecha de coidados xerando prestacións remuneradas para o coidado das persoas.

3.- DEREITO Á CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE EN CADA CENTRO DE TRABALLO.

Garantir que na negociación de convenios colectivos e plans de igualdade se incorporen as medidas necesarias para exercer os dereitos relacionados coa conciliación e corresponsabilidade de mulleres e homes en todos os centros de traballo.

4.- CONSTRUIR UN SISTEMA PÚBLICO DE COIDADOS FEMINISTA.

Apostamos por desenvolver un sistema público de coidados que sexa universal, accesible, equitativo e próximo para todas as persoas. Sendo necesario incorporar a perspectiva feminista nos orzamentos das administracións públicas de modo que se recoñeza, reduza e redistribúa a prestación de coidados non remunerada.

5.- SERVICIOS PÚBLICOS INTEGRAIS E COORDINADOS.

Urxe fortalecer e ampliar o investimento en todos aqueles servizos públicos que van desde a atención á dependencia, servizos sociais, sanitarios ou educativos, entre outros. Impulsando un modelo integral, profesionalizado e coordinado que permita dar resposta ás necesidades das persoas e poidan ser eficaces en todas as fases, desde o deseño á súa implementación.

6.- CONDICIÓN DIGNAS NOS TRABALLOS DE COIDADOS.

Son necesarios salarios dignos e eliminar a precariedade que se dá nos empregos de coidados tradicionalmente realizados por mulleres. É preciso prestar especial atención aos factores de discriminación múltiple como a orixe, a etnia, a discapacidade, ser vítima de violencia machista, ou o feito de ser familia monoparental entre outras cuestións.

7.- CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN.

As campañas de sensibilización son fundamentais e deben traballar en tres sentidos, romper os estereotipos de xénero que atribúen os coidados ás mulleres, recoñecemento e revalorización dos coidados á sociedade e información sobre os dereitos que posúen as traballadoras e traballadores en materia de conciliación e corresponsabilidade.

8.- APLICACIÓN DE FERRAMENTAS EXISTENTES.

É necesario facilitar a posta en marcha das ferramentas existentes desde a realización de mapas de recursos sobre coidados para coñecer os existentes no territorio onde se sitúa cada centro de traballo á elaboración de diagnósticos, medidas, avaliación e seguimento sobre as necesidades de conciliación do persoal.

